

as bolechas

guias


FEPE CARREIRO

Patios para compartir



os bolechas

PEPE CARREIRO



Entra na nosa web e faite do club!

Terás vantaxes especiais, descontos, agasallos e poderás acceder aos divertidos xogos dos Bolechas.

www.osbolechas.gal

Patios para compartir



Carlos pásalle o balón a Brais. Brais pásallo a Ana. Ana remata e... goooool. A porteira nin cheirou o balón! Un partido divertidísimo!

O caso é que o patio é pequeno e ás demais nenas e nenos **non lles queda moito espazo onde xogar a outras cousas.**



A Loli
gústalle
as bólas.



A Braulio
gústalle a
pita cega.



A Carmela
gústalle o
baloncesto.



A Ramiro
gústalle
saltar.


A Carlos,
ademais
do fútbol,
gústalle a
buxaina.



A Moncho
gústalle o baile.



A Nerea
gústalle a
boccia.





A Ana
gústalle o
pimión.




Claro! O fútbol é divertido. Mais **hai outras actividades tamén divertidas**: o baloncesto, o baile, a buxaina, a pita cega, ás escondidas...

E para poder practicar todas esas actividades, **temos que compartir o patio da escola**. O patio non pode ser só un campo de fútbol!



As nenas e nenos da escola **acordaron compartir o patio**. Uns días xogarán a unhas cousas e outros días a outras.

No patio compartido xoga todo o mundo. **Os patios compartidos son divertidísimos**. Hai actividades para todos os gustos.




Ademais hai moitos xogos nos que poden participar nenas e nenos **de todas as idades**. Como o de saltar á corda.

É un xogo moi divertido! Quen se enguedelle coa corda ao saltar, ten que remudar unha das nenas ou nenos que estean a dar.

Carlos, Nerea e Ana
xogan á pita.




Loli, Moncho e Pili
xogan á mariola




Hai centos de xogos divertidísimos aos que **xa xogaban as nosas tataravoas e tataravós**: a buxaina, a pita, a billarda, a mariola...

Carmela e
Braulio xogan
á billarda



Ramiro, Rosalía e Brais
xogan ás bólas




Estes xogos nunca pasan de moda. **Nin os videoxogos poden con eles!** E podemos xogar en calquera lugar, chova ou faga sol.



Moncho é bailarín. Baila **ballet**, **danza moderna** e **baile de salón**. Vaille explicar a Sonia uns cantos bailes.

SONIA APRENDE A BAILAR


En ballet ten que usar todo o corpo: as mans, os brazos, o tronco, a cabeza, os pés, os xeonllos... E tamén a imaxinación.




En baile moderno ten que aprender moitos ritmos, como o hip-hop ou o funky.



No baile de salón ten que aprender a bailar con parella.






No patio podemos practicar moitos deportes. Carmela xoga ao **baloncesto inclusivo**. Vaillle explicar a Carlos como se xoga.

COMO SE XOGA AO BALONCESTO INCLUSIVO?




No baloncesto inclusivo, as xogadoras ou xogadores que vaian en cadeira de rodas, non poden impulsar as rodas máis de 2 veces sen botar ou pasar o balón.



Quen teña o balón non pode levantarse do asento. Se o fai, é falta.




As rodas non poden pasar das liñas da cancha. Se pasan, é fóra, e saca o equipo contrario.



A **boccia** é outro dos deportes que podemos practicar no patio da escola. Nerea vai lle explicar a Braulio como se xoga.

COMO SE XOGA Á BOCCIA?



Primeiro lánzase a bóla branca.

Logo, as xogadoras e xogadores lanzan cadansúas ó bólas tratando de deixalas cerca da branca.

Finalmente, gaña quen deixe as súas bólas máis cerca da branca.


ACTIVIDADES PARA TODOS OS GUSTOS

No patio da escola podemos facer **moitas máis cousas**: xogar ao pimpón, con xoguetes, con xogos de mesa, falar, ler...





Braulio e Nerea falan de mascotas.

Ramiro e Loli len un libro de piratas.



Carlos e Carmela xogan coa boneca.

Moncho e Sonia xogan ás chapas.




Pili e Brais xogan ao pimpón.

LEMBRA



Se ocupamos o patio da escola cun só xogo, as outras nenas e nenos non teñen espazo para xogar a outras cousas.

LEMBRA




Temos que compartir o patio da escola, para podermos practicar todas as actividades que nos gusten.

LEMBRA




Hai moitos xogos que podemos compartir con nenas e nenos de todas as idades.

LEMBRA



Os xogos aos que xogaban as nosas tataravoas e tataravós son moi divertidos.

Pensaches xa ao
que che gustaría xogar no
patio da túa escola? E en
como o vas compartir?



os bolechas

PEPE CARREIRO



Carlos



Loli



Pili



Braulio



Sonia



Tatá



Chispa

Mamá Bolechas
AmparoPapá Bolechas
DanielAvoa materna
BalbinaAvó materno
MarceloAvoa paterna
FloraAvó paterno
Emiliano

Curmá Sarela



Curmá Ying



Curmán Kofi



Tía Camila



Tío Lisardo



Lusco



Fusco



Curmá Saladina



Tía Lupa



Tío Agostiño

A realización desta guía contou co apoio da Confederación
Galega de Persoas con Discapacidade, COGAMI

Máis información en www.cogami.gal

os bolechas^{® TM}

PEPE CARREIRO

